



ACTA DA VIXESIMOTERCEIRA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES POR VÍA TELEMÁTICA:

POLA FEGAMP:

Alfonso Villares Bermúdez - Vicepresidente primeiro da Fegamp

POLA XUNTA DE GALICIA:

Soledad Castro Díaz – Vicesecretaria Xeral da Consellería de Medio Rural

Carmen María Seco García – Xefa de servizo de actuacións preventivas

POR SEAGA:

María Luisa Piñeiro Arcos – Directora -Xerente

ASISTENTES PRESENCIALES:

POLA XUNTA DE GALICIA:

David Prieto Fernández – Subdirector Xeral de Defensa do Monte

María Teresa Goldar Pérez – Xefa de Sección II da Subdirección Xeral de prevención

POLA FEGAMP:

Lucía González Louro – Técnica de Medio Ambiente da Fegamp

POR SEAGA:

Pablo Arbones Maciñeira – Director de Administración e Servizos Xerais

Carmen Paz López – Enxeñeira de Montes

Sendo as 10:00 horas do día 02 de marzo de 2023, reúnese a Comisión de Seguimento do Convenio previamente citados baixo a seguinte:

ORDE DO DÍA

- 1) Lectura e aprobación da acta da 22ª reunión da Comisión do 28 de outubro de 2022.
- 2) Aprobación, se procede, das novas solicitudes de adhesión (A Pontenova, Samos e Monfero).
- 3) Aprobación, se procede, das solicitudes recibidas para a realización material das actuacións de xestión de biomasa derivadas de resolucións de execución subsidiaria, de ata 10 ha por concello e ano.
- 4) Aprobación, se procede, das solicitudes de actuacións en vías de titularidade municipal.
- 5) Actualización dos modelos de notificación conforme ás modificacións legislativas que derivan da Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- 6) Actuacións plan prevención de incendios forestais.
- 7) Procedemento de actuación en parroquias priorizadas
- 8) Estado tramitación plans municipais de prevención. Apertura pública visor faixas secundarias de xestión da biomasa.
- 9) Rogos e preguntas

Aberta a sesión polo Subdirector Xeral de Defensa do Monte, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.



I.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA 22ª REUNIÓN DA COMISIÓN DO 28 DE OUTUBRO DE 2022.

Unha vez revisada a acta pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica, procédese á aprobación da mesma, acordándose a súa sinatura por medios telemáticos, pola Secretaria da Comisión e o Presidente, e o seu posterior envío aos restantes membros da Comisión.

II.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO.

Na data da celebración da Comisión rexistráronse novas solicitudes de adhesión ao Convenio

Concellos A Coruña (1)
Monfero

Concellos Lugo (2)
A Pontenova
Samos

Admítense as solicitudes de adhesión destes Concellos e acórdase notificar con esta data as resolucións informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase co Concello adherido para ir avanzando na elaboración da planificación.

III.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SOLICITUDES RECIBIDAS PARA A REALIZACIÓN MATERIAL DAS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DE BIOMASA DERIVADAS DE RESOLUCIÓNS DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIAS, DE ATA 10 HA POR CONCELLO E ANUALIDADE.

Dende a última xuntanza da comisión recibíronse as seguintes solicitudes para a realización de actuacións derivadas de execucións subsidiarias.



Concello	Código INE	Situación	Observaciones
A Pontenova	27048	Falta Constatación. Notificada en agosto 2022	Zona de concentración parcelaria. Non aparece en Xesbio pero si en catastro
Vilamartín Valdeorras	32088	23 solicitudes	2 dentro de núcleo
Moaña	36029	Pide un contorno alrededor dunhas parcelas 1 referencia catastral máis	Expediente incompleto. Non consta notificacións Din que a van publicar, pero non consta que a publicaran
Ordes	15059	Pide 5 referencias (2 de illadas)	Expedientes incompletos. Non consta liquidación
Larouco	32038	10 parcelas descoñecidos (publicadas)	Constatadas polo Concello en agosto de 2022
Carballo	15019	30 referencias catastrais	2 proveen de illadas que non están delimitadas no Plan. Outras dúas a superficie notificada é menor a afectada por faixa na realidade
A Laracha	15041	28 referencias catastrais	20 válidas. 8 non se chegaron a notificar
Ourense	32054	4 referencias catastrais	2 válidas. Unha non consta que se notificara e outra faltan datos
Melide	15046	1 referencia catastral	Falta liquidación provisional
Arteixo	15005	1 referencia catastral	Expediente incompleto. Non consta notificacións
Ribeira	15073	2 referencias catastrais	Falta liquidación provisional
A Teixeira	32080	3 referencias catastrais	Válidas. Pendentes de constatar
Dodro	15033	1 referencia catastral	Falta liquidación provisional e superficie de afección
Trabada	27061	1 referencia catastral	Falta liquidación provisional e datas das publicacións
Pontedeume	15069	1 referencia catastral	Falta a liquidación provisional e o acuse da notificación non está claro que a recibira, non constatación
Ribadeo	27051	24 referencias catastrais	Válidas



Unha vez valoradas todas estas solicitudes a comisión procede a adoptar os seguintes acordos:

1º Aprobar as solicitudes/ampliacións presentadas que cumpran cos requisitos da Instrución 1/2018.

2º Aprobar as solicitudes/ampliacións presentadas que non cumpran estes requisitos condicionando a súa aprobación á emenda ou acreditación dos mesmos.

3º Encargar a Seaga que prepare as correspondentes notificacións para os concellos.

4º Tendo en conta que o presente convenio finaliza o 31 de decembro os traballos de execución quedarán supeditados ao orzamento dispoñible e os prazos necesarios para a execución.

IV.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SOLICITUDES DE ACTUACIÓN EN VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Dende a última xuntanza da comisión recibíronse as seguintes solicitudes de actuacións en vías de titularidade municipal:

Código INE	Concello	Lonx_vía admisible (km) 1ª solicitude	km totais	nº vías>1km	nº vías<1km	Concello ZAR / NON ZAR	Observacións
32019	O Carballiño	9,9	9,0	3	7	ZAR	
32043	Maceda	9,7	8,9	5	6	ZAR	
32057	Parada de Sil	9,6	9,6	1	0	NON ZAR	
36013	O Covelo						Pendente analizar
32003	A Arnoia						Pendente analizar
32027	Cortegada						Pendente analizar
32031	Esgos						Pendente analizar
32044	Manzaneda						Pendente analizar

Unha vez valoradas todas estas solicitudes a comisión procede a adoptar os seguintes acordos:

1º Aprobar as solicitudes e encargar a Seaga iniciar os traballos necesarios para as actuacións no dominio público das vías solicitadas.

2º Tendo en conta que o presente convenio finaliza o 31 de decembro os traballos de actuación quedarán supeditados ao orzamento dispoñible e os prazos necesarios para a execución dos traballos.





V.- ACTUALIZACIÓN DOS MODELOS DE NOTIFICACIÓN CONFORME ÁS MODIFICACIÓN LEXISLATIVAS QUE DERIVAN DA LEI 7/2022, DE 27 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS.

Coméntase que os modelos xa están actualizados en Xesbio, polo que se pode avisar aos Concellos que estaban interesados para xerar os modelos de notificacións/publicacións adaptados as modificacións lexislativas que derivan da Lei 7/2022, de 27 de decembro.

Tamén se manifesta a necesidade de incluír na nova addenda, as modificacións da citada lei.

VI.- ACTUACIÓNS PLAN PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

Enviarase unha notificación aos concellos, como a emitida na anterior anualidade, para que fagan a solicitude, sendo o 31 de marzo a data límite para a presentación destas.

VII.- PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN EN PARROQUIAS PRIORIZADAS

Fíxase como obxectivo lograr actuar en núcleos completos, facendo a revisión das parcelas, execución dos contratos e execución das subsidiarias, polo que os concellos deberán comprometerse a facer as notificacións e publicacións correspondentes.

Por parte de Seaga, Pablo Arbones Maciñeira, expón o resumo das actuacións de xestión de biomasa sobre o territorio dende o comezo do Convenio ata a actualidade, mostrándose os datos nas seguintes táboas:

Número de concellos, parroquias e parcelas:

TIPO	CONCELLOS	PARROQUIAS	PARCELAS	SUPERFICIE (ha)
CONTRATOS 1ª	79	151	23.928	1.264,68
CONTRATOS 2ª	65	116	10.783	614,84
CONTRATOS 3ª	40	74	4.196	275,17
CONTRATOS 4ª	22	41	1.312	81,09
SUBSIDIARIA	29	54	1.185	60,27
SUBSIDIARIA 3ª ADD	22	81	1.780	80,90
MODELO	14	14	2.657	71,98
MODELO 2ª	7	7	780	25,82
MODELO 3ª	3	3	224	9,68
MODELO 4ª	1	1	74	5,48
TOTAIS			46.919	2.489,90



Datos netos do número de parcelas que foron xestionadas unha vez:

TIPO	CONCELLOS	PARROQUIAS	PARCELAS	SUPERFICIE (ha)
CONTRATOS	79	151	23.928	1.264,68
SUBSIDIARIA	29	54	1.185	60,27
SUBSIDIARIA 3ª ADD	22	81	1.780	80,90
MODELO	14	14	2.657	71,98
TOTAIS			29.550	1.477,82

*Superficie media da parcela: 500 m² o que implica 20 parcelas por hectárea.

Datos das superficies por tipo e provincia:

TIPO	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
CONTRATOS 1ª	270,47	125,19	447,82	421,19	1.264,68
CONTRATOS 2ª	149,66	92,14	111,48	261,56	614,84
CONTRATOS 3ª	59,30	45,66	45,20	125,02	275,17
CONTRATOS 4ª	15,81	11,33	16,67	37,28	81,09
SUBSIDIARIA	14,57	4,59	29,43	11,69	60,27
SUBSIDIARIA 3ª ADD	39,32	2,17	13,57	25,83	80,90
MODELO	0,00	10,22	61,76	0,00	71,98
MODELO 2ª	0,00	0,00	25,82	0,00	25,82
MODELO 3ª	0,00	0,00	9,68	0,00	9,68
MODELO 4ª	0,00	0,00	5,48	0,00	5,48
TOTAIS	549,13	291,31	766,90	882,56	2.489,90

Evolución anual dos traballos:

TOTAL GALICIA	2019	2020	2021	2022	TOTAL
CONTRATOS 1ª	141,22	311,92	431,03	380,51	1.264,68
CONTRATOS 2ª	0,00	126,15	207,29	281,40	614,84
CONTRATOS 3ª	0,00	0,00	103,35	171,82	275,17
CONTRATOS 4ª	0,00	0,00	0,00	81,09	81,09
SUBSIDIARIA	0,11	11,77	7,48	40,92	60,27
SUBSIDIARIA 3ª ADD	0,00	3,10	10,03	67,77	80,90
MODELO	7,36	26,94	0,00	37,67	71,98
MODELO 2ª	0,00	6,61	2,49	16,72	25,82
MODELO 3ª	0,00	0,00	0,00	9,68	9,68
MODELO 4ª	0,00	0,00	0,00	5,48	5,48
TOTAIS	148,69	486,49	761,67	1.093,04	2.489,90

Estes datos reflexan a problemática do sistema seguido ata agora e que debido á dispersión dos traballos os resultados non se aprecian no terreo.

Farase, en coordinación entre os Concellos e Seaga, un plan de traballo no que se indiquen os núcleos nos que se queira traballar, para poder formalizar nesas zonas contratos e poder executar de forma subsidiaria as parcelas que non se contraten e a biomasa estea sen xestionar.



VIII.- ESTADO TRAMITACIÓN PLANS MUNICIPAIS DE PREVENCIÓN. APERTURA PÚBLICA VISOR FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

Infórmase de que hai 216 plans aprobados definitivamente ata a data.

Comunican dende a Dirección xeral, que hai un visor en probas, con posibilidade de apertura ao público nas vindeiras semanas. Neste visor pódese obter a información das parcelas que están afectadas pola faixa secundaria, superficie da parcela, superficie de afección.... Pódese buscar facendo zoom, buscando por concello, parroquia, lugar ou directamente por referencia catastral.

Coméntase a posibilidade de facer un manual de usuario, coas posibilidade de busca, capas, exportar o mapa...

IX.- ROGOS E PREGUNTAS

Fíxase a data da próxima reunión do grupo de traballo (09 de marzo de 2023), co fin de comezar a redacción da 6ª addenda ao Convenio e de establecer o procedemento de actuación en parroquias prioritizadas.

Non hai rogos nin preguntas polo que, sen máis asuntos que tratar, o Subdirector da por finalizada a reunión, sendo as 10:30 horas da data sinalada no encabezamento.

